

**PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA
2012/13**

**CEIP GREGORIO SANZ-Ribadeo
Departamento de Orientación
Curso 2012/13**

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A constitución do departamento de orientación, as competencias do departamento, as funcións da xefatura do mesmo, así como as do profesorado de apoio ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, veñen reflectidas polo Decreto 120/98 e a Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve, así como polo Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia.

O Departamento de Orientación está formado por:

- | | |
|--|--|
| - especialista de PT1 | M ^a Teresa García López |
| - especialista de PT2 | Isidro López Rivas |
| - especialista de AL1 | José María Rañón Moirón |
| - especialista de AL2 | Lucía Abad Sánchez |
| - coordinadora de educación infantil | M ^a José Gayoso Río |
| - coordinadora do 1º ciclo de primaria | M ^a Mercedes Rodríguez Ríos |
| - coordinadora do 2º ciclo de primaria | Rubén Bouso Gallo |
| - coordinadora do 3º ciclo de primaria | M ^a Teresa García López |
| - xefa do departamento | Mercedes Bouza Fernández |

Os membros do departamento de orientación celebrarán unha reunión mensual de coordinación para realizar o seguimento das accións emprendidas nos diferentes casos e introducir as modificacións que se consideren oportunas.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

Este plano de actuación diríxese a un centro que dispón de espazos suficientes e persoal con ansias de analizar e reflexionar sobre os factores que inciden no proceso de ensino-aprendizaxe, para desenvolver actuacións conxuntas, innovadoras e que atendan á diversidade e á pluralidade. Para todo isto, estamos a converter o sistema no seu conxunto, nun axente activo, é dicir, tanto alumnado como profesorado aprendemos dende a propia experiencia, dende a práctica diaria, dende a reflexión e o debate, dende a propia avaliación introducindo as modificacións necesarias, para mellorar día a día o noso sistema educativo. Polo tanto o Departamento de Orientación, debe asumir sobre todo un papel de promotor e canalizador desas inquiredanzas.

No concello de Ribadeo pódense atopar numerosas asociacións e movementos de carácter cultural que poden colaborar co centro na ampliación da oferta cultural ó alumnado e na intensificación de relacións entre o centro e o seu entorno social.

En Ribadeo vila existen asociacións que promoven actividades diversas como exposicións, conferencias, concertos, representacións teatrais... O Concello como

institución tamén oferta unha programación cultural de calidade, e pon os medios necesarios para que o alumnado que non é da vila acuda a estas actividades. Para desenvolver estas actividades o Concello conta con numerosas infraestructuras, entre as que atopamos: pistas polideportivas, piscina climatizada, pavillóns polideportivos, clubs e asociacións deportivas, unha biblioteca-arquivo municipal, Auditorio, Escola de Idiomas ...

No resto do Concello existen numerosas asociacións veciñais que tamén buscan promover o nivel cultural dos veciños e defender os intereses das parroquias, para o cal se desenvolven diferentes actividades deportivas e culturais.

O centro ubícase na parroquia de Obe, na Avenida de Luarca s/n e conta cos servizos complementarios de comedor e transporte escolar, así como unha serie de actividades complementarias e extraescolares en colaboración coa ANPA e outras entidades públicas e privadas.

A actuación do departamento centrarase en base á seguinte análise de necesidades:

- ❑ Seguimento, asesoramento e apoio continuado das medidas de atención á diversidade que se levan a cabo, facilitando recursos e materiais necesarios e realizando reunións periódicas avaliativas.
- ❑ Garantir unha continuidade e coherencia nas actuacións da orientación ó longo de todos os ciclos educativos.
- ❑ Reforzar a concienciación e sensibilización do equipo educativo sobre a importancia da función titorial.
- ❑ Maior participación e implicación dos equipos de ciclo e dos titores na posta en práctica das medidas de atención á diversidade.
- ❑ Acolida do alumnado de nova incorporación ó centro.
- ❑ Traballo de estratexias, técnicas, destrezas e hábitos de estudo dende as distintas áreas.
 - ❑ Coordinación dos procesos de ensino-aprendizaxe desde todos os axentes implicados.
 - ❑ Mellora do autoconceito e habilidades sociais nos escolares.
 - ❑ Fortalecemento da convivencia.
 - ❑ Fomento da participación dos pais no proceso educativo dos seus fillos/as.

3. OBXECTIVOS

Á vista do análise do Plan de Orientación do curso 2011/12, valórase moi positivamente a súa adecuación pedagóxica e estímase proceder a súa actualización, revisión e mellora.

A educación asume a misión de posibilitar que tódolos cidadáns desenvolvan na escola ó máximo as súas potencialidades e que elaboren un proxecto de vida persoal e unha formación integral. A orientación, compoñente fundamental da educación, enténdese como un proceso de axuda e preparación para a vida, de cara a lograr unha maior integración escolar, persoal e social.

Toda educación é orientación en tanto que prepara para a vida, pero ademais é un proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, ós procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións.

Os aspectos normativos no eido da orientación recóllense no Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo que o desenvolve, xunto coas correspondentes circulares anuais. Seguindo o establecido na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia, a actuación deste Departamento de Orientación neste curso diríxese a alcanzar os seguintes obxectivos:

- Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno/a.
- Asesorar aos equipos de ciclo e profesorado das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción tutorial (PAT), así como na avaliación inicial do alumnado.
- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos.
- Asesorar á comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE).
- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro.

3. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

Referidas ao ALUMNADO:

- ❑ Facilitar a integración dos alumnos no seu grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar, ofrecéndolles apoio nos momentos de maior dificultade (ingreso no centro, cambios de ciclo, adaptación).
- ❑ Valorar as necesidades educativas do alumnado, desenvolvendo medidas de atención á diversidade, procurando a individualización do ensino.
- ❑ Colaborar na elaboración das medidas de reforzo, ACIs e outras intervencións educativas específicas para o alumnado con dificultades.
- ❑ Fomentar accións que favorezan a convivencia e o clima social dos centros e das aulas.
- ❑ Realizar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento persoal e social.
- ❑ Asesorar na toma de decisións cara a estudos posteriores, favorecendo así o proceso de maduración vocacional.

Referidas ao PROFESORADO:

- ❑ Coordinar, en colaboración co profesorado de apoio, a atención ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo, elevando os acordos á Xefatura de Estudos.
- ❑ Colaborar co profesorado no deseño, implementación, seguimento e avaliación das medidas de atención á diversidade: reforzo educativo (RE) e adaptación curricular (AC).
- ❑ Cooperar no diagnóstico de problemas ou dificultades de aprendizaxe do alumnado, para tratar de remedialos.
- ❑ Trasmítilles información sobre os resultados das avaliacións psicopedagóxicas e orientalos sobre determinadas medidas de intervención co alumnado con dificultades.
- ❑ Diseñar e propoñer accións de intervención en técnicas de traballo intelectual que potencien a comprensión lectora adaptados aos distintos ciclos.
- ❑ Asistir ás sesións de avaliación, establecendo pautas xerais de actuación para levar a cabo medidas de atención á diversidade.
- ❑ Orientar ao profesorado nas tarefas de acción tutorial, facilitando recursos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer a súa labor docente.
- ❑ Apoiar a intervención do profesorado coas familias de cara a favorecer a relación entre as familias e o centro.

- ❑ Dar recomendacións e pautas sobre a atención a alumnos con necesidades específicas e dificultades de aprendizaxe aos titores e ao equipo docente implicado.

Referidas ao CENTRO:

- ❑ Solicitar a colaboración do Equipo de Orientación Específico na avaliación e información de alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo.
- ❑ Fomentar a colaboración entre a escola e as familias de cara a lograr maior coherencia na educación do alumnado.
- ❑ Colaborar coa xefatura de estudos e cos titores na planificación, seguimento e avaliación das reunións periódicas destes co DO.
- ❑ Representar ao DO na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- ❑ Participar nas actividades de formación propostas no plan anual de formación do profesorado.

Referidas á FAMILIA:

- ❑ Establecer contactos periódicos coas familias de cara a obter información relevante para a avaliación diagnóstica do alumnado.
- ❑ Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, construción de autoconceito e autoestima e no proceso de toma de decisións.
- ❑ Orientar aos pais para mellorar a educación e a orientación dos seus fillos en colaboración co profesorado.
- ❑ Axudar á familia a comprender e potenciar as aptitudes do seus fillos/as, orientándoos nos aspectos básicos para dar resposta as necesidades que presenten, sobre todo cando se trate de alumnos con necesidades educativas específicas.

Referidas a SERVICIOS EXTERNOS:

- ❑ Favorecer a coordinación do centro cos diferentes servizos socioeducativos da zona.
- ❑ Favorecer a coordinación cos organismos e institucións da comunidade que incidan na función orientadora do centro en xeral ou que atendan aspectos

específicos en particular (CEFORE, EOE, SS, UAT, centros culturais, logopeda, psicólogo, pediatra, ...)

- Propiciar a coordinación entre as ensinanzas de educación infantil, primaria e secundaria, coa finalidade de garantir o principio de continuidade da orientación na escolarización do alumnado.
- Coordinarse co Equipo de Orientación Específico para solicitar a súa intervención e asistencia técnica en determinados problemas.
- Colaborar na elaboración e intercambio de experiencias entre centros, sobre todo cos departamentos de orientación.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Coa avaliación preténdese coñecer en que medida os diferentes obxectivos reflectidos neste Plan de Orientación para este ano académico e ámbito de actuación, van sendo acadados, pero tamén de que xeito, con que grao de efectividade e axuste á realidade e contexto no que pretende desenvolverse.

A finalidade deste coñecemento é a de optimizar o Plan, mellorando aqueles aspectos do mesmo que imos vendo que son axeitados, logo dunha previa reflexión e análise que confirme que efectivamente tales aspectos deben ser modificados, suprimidos, ampliados ou reforzados.

Deste xeito para realizar esta reflexión avaliativa, cómpre partir da observación de como se adecúan as actividades propostas ás características peculiares do contorno educativo, ao contexto do propio centro, aos recursos cos que contamos.

Esta avaliación plantéxase a dous niveis:

- Por unha parte avaliación sobre a actuación do DO que se fará a nivel de todo o centro mediante debates e se analizarán os seguintes aspectos: implicación do departamento de orientación na dinámica do centro; repercusión das actuacións do departamento (nas decisións a nivel de centro; nas decisións en canto a programacións didácticas, directas sobre o alumnado, sobre os pais e nas decisións que se refiren aos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo); valoración e grao de satisfacción por parte dos distintos axentes.
- Por outra parte a avaliación do Plan de Orientación proposto en función dos seguintes criterios: adecuación ás necesidades plantexadas no centro; consecución dos obxectivos plantexados; realización das actividades nos tempos previstos ; dificultades atopadas.

Consideramos que a avaliación debe ser continua e sistemática, inserta no propio proceso, reaxustando obxectivos e métodos para acadalos. Por tanto no proceso avaliador deberemos seguir tres pasos complementarios: unha avaliación inicial, para analizar as necesidades da realidade escolar, do entorno e de toda a comunidade educativa; unha avaliación formativa de axustes que, en función do desenvolvemento do programa, se vaian facendo no mesmo; e, unha avaliación final na que se valorará a consecución dos obxectivos propostos para cada un dos sectores implicados, reflectido na Memoria Anual de xeito que sirvan de punto de referencia para anos vindeiros.

Nas tres fases de avaliación propostas participarán tódolos membros implicados nas distintas actuacións e os instrumentos a utilizar irán dende a simple observación ata a análise de actas e informes, debate entre os axentes, enquisas e cuestionarios...

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

As accións a desenvolver polo departamento de orientación, tendo como referente o Plan de Orientación, o Decreto 229/2011 de atención á diversidade e a Circular 10/2010 , estarán dirixidas a tódolos membros da comunidade educativa, e realizaranse por trimestres (de forma flexible) do seguinte xeito:

ACTIVIDADES	ACTUACIÓNS	1º	2º	3º
Constitución do Departamento	Reunión do departamento de orientación para constituilo	*		
Posta en contacto co DO do IES de Ribadeo	Reunión coa orientadora do IES	*		
Redacción do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación	Reunión do DO para redactar o Plan de actividades tendo en conta as directrices da CCP e recollendo as suxerencias dos equipos de ciclo	*		
Recoller as demandas e necesidades de cada curso para o presente curso escolar	Entrevistas titores	*		
Revisión de expedientes académicos e realización das avaliacións psicopedagóxicas pertinentes	Departamento e titores	*		
Organización dos apoios e horarios por parte dos especialistas PT e AL	Xefe de estudos e orientadora	*		
Asesorar e colaborar na elaboración das ACIs	Reunións da orientadora co equipo docente	*		
Participación na primeira reunión de pais e información sobre o departamento	Reunión dos titores, especialistas, equipo directivo e orientadora coas familias	*		
Organización dun banco de recursos para atención á diversidade	Departamento, titores e especialistas	*	*	*
Posta en funcionamento das aulas de apoio PT e AL	Departamento	*		
Entrevista coas familias do alumnado ANEAE para informalos sobre o reforzo educativo que vai levar	Reunións periódicas da orientadora coas familias	*	*	*
Posta en contacto cos orientadores de educación infantil e primaria da zona da Mariña	Reunión co grupo de orientadores	*		
Coñecer e revisar as medidas levadas a cabo no centro para a mellora da convivencia	Estudio das actuacións postas en práctica relacionadas coa resolución de conflitos, conductas disruptivas...	*		
Avaliación das necesidades e demandas do equipo docente en relación á mellora da convivencia	A. Entrevistas co equipo docente	*		
Análise das medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, altas capacidades e de incorporación tardía	B. Reunión do departamento e revisión da organización dos apoios de PT, AL, apoio a infantil e apoio na aula, coidadora	*		
Coordinación con organismos e institucións externos ao centro (EOE, Servicios Sociais, UAT, Concello...)	C. Reunións periódicas	*	*	*
Adquisición de materiais específicos para o apoio e dificultades de aprendizaxe	D. Departamento e titores	*		

Coordinación entre os ciclos	E. Proposta de sistematización das reunións	*		
Seguimento continuado do ANEAE	F. Departamento, titores e especialistas	*	*	*
Valoración dos resultados obtidos na primeira avaliación e asesoramento na búsqueda de estratexias de recuperación	G. Comisión de avaliación e departamento		*	
Colaboración na resolución de conflitos que se plantexen dentro do grupo-clase	H. Titores, xefatura de estudos e orientadora	*	*	*
Asesorar na revisión e elaboración de ser o caso das programacións didácticas dos ciclos	I. Reunión da orientadora cos equipos de ciclo	*	*	
Elaboración do plan de preparación para a ESO	Reunión do departamento de orientación tendo en conta as suxerencias do 3º ciclo.		*	
Análise da valoración de capacidades para informar nos boletíns trimestrais de avaliación	Reunión do departamento de orientación cos equipos de ciclo	*		
Elaboración e posta en práctica de pequenos plans de actuación para a mellora da convivencia	J. Reunión cos titores dos ciclos implicados	*	*	
Informar ás familias do alumnado de 6º curso do funcionamento da ESO	Reunión das orientadoras (primaria e secundaria) e das titoras coas familias			*
Orientación ao alumnado de 6º curso do funcionamento da ESO	Reunión co alumnado e visita ó IES			*
Deseñar a proposta de intervención e organización da docencia para atender ao alumnado ANEAE para o vindeiro curso	Reunión da orientadora cos titores e impreso de demanda			*
Elaborar informes de medidas de atención á diversidade de cara a Secundaria	Orientadora e titores			*
Coordinación IES para o cambio de etapa do alumnado do 3º ciclo	Reunión dos titores e orientadoras dos dous centros.			*
Avaliacións psicopedagóxicas, recollida de información e elaboración de informes psicopedagóxicos	Orientadora e titores	*	*	
Adquisición de material e equipamento para o Departamento de Orientación	Reunión do Departamento	*	*	*
Seguimento e avaliación do Plan de Acolida e do Período de Adaptación	Reunión do Departamento para avaliar o Plan tendo en conta as opinións do profesorado implicado.	*	*	*
Analizar a posibilidade dun Programa de Estimulación da Linguaxe oral en EI	Reunión da orientadora cos especialistas de AL para a prevención de dificultades articulatorias	*	*	*
Avaliación do Plan Anual do Departamento	Reunión do Departamento para avaliar as actuacións levadas a cabo	*	*	*
Seguimento e avaliación das medidas de atención á diversidade	Reunión do D.O.	*	*	*
Deseñar liñas de actuación conxunta para coordinar xunto cos especialistas en PT, AL e os titores a atención e apoio ó alumnado ANEAE facendo seguimento das actuacións	Reunión da orientadora e xefe de estudos co equipo docente	*	*	*
Implicar ás familias do alumnado inmigrante	Orientadora e titores	*	*	*

para que participe nas actividades desenvolvidas dende o Concello				
Deseño de estratexias para implicar ás familias nas actividades de formación e apoio dos seus fillos	Orientadora e titores (charlas, obradoiros...)	*	*	*
Elaboración e revisión dos Dictames de escolarización	Orientadora	*	*	*
Participar no desenvolvemento de proxectos conxuntos cos orientadores da zona	Reunións periódicas cos orientadores	*	*	*
Participar nas avaliacións e elaborar estratexias de intervención en función dos resultados das mesmas.	Orientadora e equipo docente	*	*	*
Seguemento e avaliación do desenvolvemento do PAT	Orientadora e titores	*	*	*
Colaborar cos diferentes servizos e institucións (centros educativos, Concello, Centro de Formación e Recursos, servizos de atención temperá, servizos sociais, gabinetes privados...)	Departamento de orientación	*	*	*
Recollida de propostas para a revisión do Plan de Convivencia	Reunión do DO	*	*	*
Revisión e contacto con novos materiais didácticos para o seu uso na aula	Sesións de formación e material facilitado polo departamento	*	*	*